

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

8229 *Real decreto 569/2011, do 20 de abril, polo que se determina o nivel mínimo de protección garantido ás persoas beneficiarias do sistema para a autonomía e atención á dependencia para o exercicio 2011.*

A Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, establece no seu artigo 7 que a protección da situación de dependencia se prestará de acordo cos seguintes niveis de protección: un nivel mínimo de protección garantido pola Administración xeral do Estado, un nivel de protección acordado entre a Administración xeral do Estado e cada unha das comunidades autónomas e un nivel adicional que poden establecer, pola súa parte, as comunidades autónomas con cargo aos seus orzamentos.

O artigo 9 da Lei 39/2006, do 14 de decembro, dispón que o Goberno, oído o Consello Territorial do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, determinará o nivel mínimo de protección garantido para cada unha das persoas beneficiarias do sistema, segundo o grao e nivel da súa dependencia, como condición básica de garantía do dereito á promoción da autonomía persoal e atención á situación de dependencia. No seu número 2 establece que o financiamento público deste nivel de protección será por conta da Administración xeral do Estado.

En desenvolvemento do anterior, aprobouse o Real decreto 614/2007, do 11 de maio, sobre nivel mínimo de protección do sistema para a autonomía e atención á dependencia garantido pola Administración xeral do Estado, modificado polo Real decreto 99/2009, do 6 de febreiro.

O artigo 3 do Real decreto 614/2007, do 11 de maio, establece que o nivel mínimo de protección para cada persoa beneficiaria do sistema será o equivalente á cantidade fixada para cada grao e nivel de dependencia, que se determinará anualmente segundo o calendario de aplicación progresiva regulado na disposición derradeira primeira da Lei 39/2006, do 14 de decembro. Estas contías serán obxecto de actualización anual mediante real decreto, tendo en conta a actualización aplicada ao indicador público de rendas de efectos múltiples (IPREM).

Para o exercicio 2010, aprobouse o Real decreto 373/2010, do 26 de marzo, sobre determinación do nivel mínimo de protección garantido aos beneficiarios do sistema para a autonomía e atención á dependencia.

Este real decreto ten por obxecto establecer a contía para o nivel mínimo de protección garantido pola Administración xeral do Estado para as persoas beneficiarias valoradas en grao I, dependencia moderada, nivel 2, de acordo co previsto no artigo 9 da Lei 39/2006, do 14 de decembro, para o exercicio 2011, quinto ano da súa vixencia. Así mesmo, actualízanse, para ese exercicio, as contías correspondentes ao grao III, gran dependencia, niveis 1 e 2, e grao II, dependencia severa, niveis 1 e 2, establecidas no anexo do Real decreto 373/2010, do 26 de marzo.

O maior gasto derivado do importe adicional que supón a incorporación ao sistema do grao I, nivel 2, resulta absorbido e compensado neste exercicio polo aforro que implica a aplicación das medidas relativas á diminución do gasto en materia de dependencia, establecidas no Real decreto lei 8/2010, do 20 de maio, polo que se adoptan medidas extraordinarias para a redución do déficit público. Por iso, en 2011 as modificacións orzamentarias que puideren resultar necesarias para financiar o importe do custo adicional que supón a incorporación ao sistema do grao I, nivel 2, serán atendidas mediante os créditos inicialmente consignados ao Ministerio de Sanidade, Política Social e Igualdade.

Este real decreto someteuse á consulta do Comité Consultivo do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, do Consello Estatal de Persoas Maiores, do Consello Nacional da Discapacidade e do Consello Estatal de Organizacións non

Gobernamentais de Acción Social, e recibíuse informe do Consello Territorial do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia.

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.1.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva na regulación das condicións básicas que garantan a igualdade de todos os españois no exercicio dos dereitos e no cumprimento dos deberes constitucionais.

Esta norma establécese ao abeiro da facultade conferida ao Goberno na disposición derradeira sétima da Lei 39/2006, do 14 de decembro, e no artigo 3, números 3 e 4, do Real decreto 614/2007, do 11 de maio.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Sanidade, Política Social e Igualdade, logo de informe do Ministerio de Economía e Facenda, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 15 de abril de 2011,

DISPOÑO:

Artigo único. *Achega da Administración xeral do Estado para o financiamento do nivel mínimo de protección para o exercicio 2011.*

1. A achega da Administración xeral do Estado para o financiamento do nivel mínimo de protección do sistema para a autonomía e atención á dependencia, no exercicio 2011, queda establecida para cada persoa beneficiaria en situación grao I, dependencia moderada, nivel 2, na cantidade que consta no anexo a este real decreto.

2. Así mesmo, procédese á actualización das contías sinaladas para o nivel mínimo de protección garantido pola Administración xeral do Estado para cada persoa beneficiaria do sistema de grao III, gran dependencia, niveis 1 e 2, e grao II, dependencia severa, niveis 1 e 2, fixadas no anexo, de conformidade co incremento do 0 por cento do indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM), establecido na Lei 39/2010, do 22 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2011.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.1.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre a regulación das condicións básicas que garantan a igualdade de todos os españois no exercicio dos dereitos e no cumprimento dos deberes constitucionais.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación para o desenvolvemento regulamentario.*

Habílitate a persoa titular do Ministerio de Sanidade, Política Social e Igualdade para ditar as disposicións que sexan necesarias para a aplicación e o desenvolvemento deste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor e efectos.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», con efectos do día 1 de xaneiro de 2011.

Dado en Madrid o 20 de abril de 2011.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Sanidade,
Política Social, e Igualdade
LEIRE PAJÍN IRAOLA

ANEXO

Expresión cuantificada dos niveis de protección do sistema para a autonomía e atención á dependencia 2011

Grao e nivel	Mínimo de protección garantido – Euros
Grao III Gran dependencia, nivel 2	266,57
Grao III Gran dependencia, nivel 1	181,26
Grao II Dependencia severa, nivel 2	103,02
Grao II Dependencia severa, nivel 1	70,70
Grao I Dependencia moderada, nivel 2	60,00